



Darwin 2009

150 anos da teoría da evolución


Bicentenario do nacemento de Darwin

www.darwin2009.csic.es



A mocidade de Darwin

Charles Robert Darwin naceu o 12 de febreiro de 1809 en Shrewsbury, localidade inglesa situada a 240 quilómetros de Londres. Foi fillo do médico Robert Waring Darwin e de Susannah Wedgwood, cuxo pai era un próspero home de negocios. Fillo e neto de médicos sen problemas económicos que limitasen a súa educación, tivo un ambiente familiar moi favorable para poder desenvolver durante a súa vida un traballo intelectual. O seu avó paterno, Erasmus Darwin, publicara a finais do século XVIII unha obra titulada *Zoonomía*, que Darwin leu na súa adolescencia, na que suxerira a existencia dun perfeccionamento entre os organismos.



Segundo Lamarck, o emprego frecuente dun órgano provocaba o seu desenvolvemento, como o pescozo dunha xirafa, mentres que se se deixaba de empregar acababa por desaparecer. Na imaxe, unha xirafa no Parque Nacional de Etosha, Namibia. José Antonio Pérez Roque. Banco de imaxes do Instituto Superior de Formación y Recursos en Red para el Profesorado.

Na escola da súa localidade natal Charles recibiu un ensino clásico (1818-1825). A súa infancia e mocidade, nas primeiras décadas do século XIX, foi un período de tempo de grandes contrastes no seu país. A estrutura social seguía sendo moi conservadora ao estar o poder político e económico en mans de aristócratas e terratenentes. A relixión constituía un pilar esencial para manter a orde e a estabilidade social. Ao mesmo tempo, e grazas ao impulso propiciado pola Revolución Industrial, Gran Bretaña estaba á cabeza do desenvolvemento tecnolóxico mundial.

En 1825 comezou a estudar Medicina na Universidade de Edimburgo. Durante dous anos asistiu sen moito entusiasmo aos cursos desta carreira, xa que atopaba aburridas as clases, especialmente a Xeoloxía.

Na súa mocidade, Charles Darwin matriculouse na Facultade de Medicina da Universidade de Edimburgo. Abandonou aos dous anos e pasou a Cambridge co fin de seguir estudos eclesiásticos, que o capacitaran para exercer de clérigo. Banco de imaxes do Instituto Superior de Formación y Recursos en Red para el Profesorado.

A influencia do medio sobre os organismos

É interesante a relación que Darwin mantivo en Edimburgo con Robert Grant, con quen comentou as ideas evolucionistas enunciadas polo naturalista francés Jean Baptiste Monet, cabaleiro de Lamarck. Para este, os organismos reaccionaban fronte á influencia do medio. Ante os cambios, os seres vivos desenvolvían novas accións e hábitos de vida.

Logo do seu fracasado paso por Edimburgo, seu pai enviouno estudar Teoloxía en Cambridge. Tampouco alí Darwin amosou demasiado interese nos estudos académicos, pero soubo aproveitar as vantaxes da vida universitaria para establecer contactos, especialmente con John Stevens Henslow, profesor de botánica. Ademais de convencer a Darwin para que realizara traballos de campo de xeoloxía, Henslow deu o seu nome como o candidato idóneo para unha viaxe de circunnavegación polas costas suramericanas e as illas do Pacífico. Precisábase un cabaleiro versado en ciencias naturais que fora o compañeiro do capitán do barco, nunha longa e tediosa travesía. Esta viaxe arredor do mundo foi o paso fundamental para o desenvolvemento da teoría da evolución.



Erasmus Darwin. Médico e avó paterno de Charles. Escribiu a obra *Zoonomía* (1794), na que suxeriu a existencia de cambios e dun perfeccionamento no mundo orgánico.